

INFORME DE ACTIVIDADES 2019



fundación
GALICIA EUROPA

INFORME DE ACTIVIDADES 2019



fundación
GALICIA EUROPA





INFORME DE ACTIVIDADES 2019

3

2019 EN CIFRAS	7
ORZAMENTO DA FGE	7
FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: ACERCANDO EUROPA E GALICIA	10
FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: PADROADO	12
FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: O NOSO EQUIPO	14

1. DEFENSA DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA

17

I. Comité Europeo das Rexións	18
II. Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas	20
III. Seguimento e participación nas políticas europeas	25
IV. Brexit	32
V. Participación en redes de cooperación rexional	33
VI. Promoción de Galicia en Bruxelas	38

2. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS

41

I. TecEuropa	42
II. Participación da FGE nos proxectos Lidera e Eurocidade 2020	43
III. Apoio aos actores galegos de I+D+i: presenza de GAIN en Bruxelas	46
IV. Reunións de proxectos europeos con participación galega na sede da FGE	48

3. INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA

51

I. Web fundaciongaliciaeuropa.eu	52
II. Redes sociais	53
III. Web brexitgalicia.eu	54
IV. Revista ECO	55

4. FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A REALIDADE EUROPEA

57

I. Programa de bolsas FGE	58
II. Galicia vota na UE	59
III. Foro galego do Brexit	60
IV. Celebración do día de Europa	61
V. Visitas de grupo a Bruxelas	61
VI. Lanzamento de #EUROXuventude	62
VII. Orientación laboral a mozos no ámbito comunitario	63



2019 EN CIFRAS





2019 EN CIFRAS



30.500

BENEFICIARIOS

30.500 beneficiarios das actividades da FGE



25

REUNIÓN

25 reunións do Comité Europeo das Rexións con participación de Galicia



15

VISITAS

Organización de 15 visitas institucionais á capital comunitaria



10

FOROS

Intervención de representantes galegos en 10 foros de debate en Bruxelas.



547

PARTICIPANTES

547 participantes nas actividades de formación e sensibilización sobre a UE



6.000

SEGUIDORES

6.000 seguidores nas redes sociais



236

NOTICIAS

236 noticias publicadas na páxina web




31

CONVOCATORIAS

Difusión de 31 convocatorias de proxectos europeos

ORZAMENTO DA FGE







2019, UN ANO DE TRANSICIÓN NA AXENDA EUROPEA

2019 foi un ano de importantes cambios no ámbito comunitario. Non só pola renovación do Parlamento Europeo tras as eleccións de maio e polo comezo dun novo mandato da Comisión Europea en novembro, senón porque os líderes europeos acordaron unha nova axenda estratéxica que guía o traballo da UE ata 2024, para dar resposta a un mundo cada vez máis inestable e complexo. Precisamente o labor de protexer aos cidadáns e as liberdades é a primeira das prioridades, que hoxe resulta especialmente relevante no medio da crise sanitaria e económica que vivimos.

Ademais de desenvolver unha base económica sólida e dinámica, a UE fíxase como obxectivo garantir a inclusión e a sustentabilidade para asumir os cambios xerados pola transición ecolóxica, a evolución tecnolóxica e a mundialización. En Galicia asumimos este reto como propio e por iso apostamos en 2019 por reforzar a nosa participación nos asuntos europeos, para o que a Fundación Galicia Europa continúa sendo unha ferramenta fundamental. Coa súa axuda, seis membros do goberno galego realizaron visitas institucionais en Bruxelas e a experiencia e posicionamentos de Galicia puideron darse a coñecer en dez foros de debate. Deste xeito contribuímos ao debate europeo explicando o noso labor en materia de cambio climático, dixitalización das pemes ou defensa do sector pesqueiro, por citar algúns exemplos.

Seguimos tamén de preto as difíciles negociacións para a saída de Reino Unido da UE co obxectivo de prepararnos ante as eventuais consecuencias para a cidadanía e a economía galegas. E preparamos o terreo para a celebración do próximo ano xacobeo, reivindicando a importante dimensión europea do Camiño de Santiago. Para todo iso, a presenza en Bruxelas e o traballo en rede con outras rexións europeas foi

fundamental, así como a participación activa no Comité Europeo das Rexións, que celebrou 25 anos de existencia.



Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia.

En Galicia, a FGE continuou co seu labor de sensibilización e formación en temas europeos, con dúas novas edicións do programa de especialización en financiamento comunitario *TecEuropa*, o lanzamento dunha plataforma virtual destinada aos mozos (*#EUROXuventude*) e a organización dun concurso nas redes para animar á participación nas eleccións europeas.

En suma, 2019 foi un ano importante de transición no ámbito europeo no que a Xunta contou coa experiencia e coñecemento da FGE para seguir defendendo os intereses de Galicia neste ambicioso proxecto que é a Unión Europea. Un proxecto que resulta hoxe aínda máis importante e necesario para trazar o camiño de recuperación na crise sen precedentes que estamos a vivir.

Alberto Núñez Feijóo.
Presidente da Xunta de Galicia e da Fundación Galicia Europa



FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: ACERCANDO EUROPA E GALICIA





| A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (FGE)

A Fundación Galicia Europa (FGE) nace en 1988 coa misión de manter unha oficina galega en Bruxelas e promover o achegamento entre Galicia e Europa. Vinculada á **Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia**, conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas. Desde 2010, a Fundación forma parte do sector público autonómico de Galicia como ente instrumental, e en 2015, o Decreto de Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia recoñece o seu mandato “para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado”.

O labor da FGE xira ao redor de dous grandes obxectivos: unha mellor comunicación da actividade comunitaria en Galicia e a defensa dos intereses galegos no contexto europeo. Para conseguilo, traballa en catro grandes ámbitos:

- **Defensa dos intereses de Galicia ante a UE**

A FGE realiza un seguimento das políticas comunitarias, presta apoio e asesora aos representantes galegos nas institucións e órganos comunitarios, organiza visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas, fomenta a participación galega nos foros de debate que teñen lugar na capital comunitaria e colabora con outras rexións no marco de diferentes redes de cooperación para defender intereses comúns.

- **Promoción da participación galega en proxectos europeos**

A FGE brinda información e presta asesoramento para que cada vez sexan máis as entidades galegas que participan en proxectos europeos, chegando a involucrarse como socio en proxectos que lle resulten de interese.

- **Información sobre a Unión Europea en Galicia**

A evolución das políticas europeas, as posibilidades de financiamento comunitario e as oportunidades de emprego e prácticas nas institucións son o tres principais eixos de información europea facilitada pola FGE. Faino a través do seu portal web, que ofrece a posibilidade de subscripción a un boletín de alertas, e das redes sociais.

- **Formación e sensibilización sobre Europa en Galicia**

Nos seus case 30 anos de existencia, preto de 500 persoas tiveron a oportunidade de coñecer de preto a UE a través das súas bolsas de formación. Ademais, a FGE organiza en Galicia todo tipo de actos para explicar a Unión Europea aos galegos.




FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: PADROADO





ORGANIGRAMA [PADROADO]






FUNDACIÓN GALICIA EUROPA: O NOSO EQUIPO





ORGANIGRAMA [O NOSO EQUIPO]







1. DEFENSA DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA

- I. Comité Europeo das Rexións
- II. Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas
- III. Seguimento e participación nas políticas europeas
- IV. Brexit
- V. Participación en redes de cooperación rexional
- VI. Promoción de Galicia en Bruxelas



1. DEFENSA DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA

I. COMITÉ EUROPEO DAS REXIÓNS



Jesús Gamallo no pleno de abril do CdR

Entre os múltiples debates celebrados no CdR, Galicia interesouse especialmente polos relacionados cos sectores forestal, naval e enerxético, ademais de polo futuro orzamento comunitario

A FGE prestou apoio ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, en máis de 20 reunións do Comité Europeo das Rexións (CdR), a assemblea que dá voz ás rexións e municipios europeos no proceso comunitario de toma de decisións. Jesús Gamallo participa como membro suplente, representando ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, que é o membro titular.

En 2019, o CdR debateu e aprobou un total de **50 dictámenes de opinión**. Algúns deles foron de gran relevancia para Galicia, como o relativo á reestruturación socioeconómica das rexións carboníferas en Europa, incluídas aquelas que, como a galega, xeran electricidade a partir do carbón. Así mesmo, aprobouse un ditame sobre a aplicación da estratexia forestal europea, na que o goberno galego defendeu o impacto positivo dos bosques na economía e unha mellor xestión conxunta do sector forestal para combater o despoboamento, así como



II. REUNIÓN DE ALTO NIVEL ENTRE GALICIA E BRUXELAS

Seis membros do goberno galego visitaron Bruxelas ao longo de 2019 para, no exercicio das súas funcións, manter encontros con diversos representantes das institucións comunitarias. Nestas visitas, a FGE prestou todo o apoio necesario identificando aos interlocutores máis adecuados nas institucións europeas, preparando as axendas e prestando o asesoramento loxístico e técnico necesario para o seu bo desenvolvemento. Xunto coas de directores xerais e directivos doutras entidades galegas, como a Autoridade Portuaria de Vigo ou o CTAG, **a FGE xestionou a realización de once visitas institucionais**, oito delas durante a Semana Europea das Rexións e as Cidades (r).

Vicepresidente da Xunta

O vicepresidente da Xunta e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia, Alfonso Rueda, mantivo unha reunión a principios de outubro **co director xeral de Política Rexional da Comisión Europea, Marc Lemaître**, onde reiterou a necesidade de que se arbitren os mecanismos necesarios para que Galicia non teña un descen

so abrupto dos fondos da Unión Europea a partir de 2021. Nesta reunión estivo acompañado polo director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, e polo director xeral de Planificación e Orzamentos, Miguel Corgos.

O vicepresidente inaugurou, ademais, un seminario sobre política de cohesión organizado pola Fundación Galicia Europa no marco da Semana Europea das Rexións e as Cidades.

**Alfonso Rueda
reuniuse co director
xeral de Política
Rexional para analizar
a situación de Galicia
no seguinte período
financeiro 2021-2027**



Alfonso Rueda na inauguración do seminario sobre política de cohesión da EWRC



A conselleira do Mar co novo comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevičius, no Consello da UE

Conselleira do Mar

A conselleira do Mar, Rosa Quintana, visitou Bruxelas en varias ocasións ao longo do ano.

En febreiro, para entrevistarse con representantes da Comisión Europea e así transmitir os seus inquietudes respecto ás relacións UE- Tailandia en materia de pesca e en maio, para asistir á maior feira de produtos do mar do mundo, a SEAFOOD Expo Global. Como froito da primeira visita, a Consellería do Mar organizou en xullo unha visita a Galicia para a nova xerfa de Unidade para o Atlántico da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos (DG MARE) da Comisión Europea, Alenka Kampl.

Na segunda metade do ano, Galicia ostentou **a representación das CCAA no Consello de Ministros de Pesca da UE**, polo que a conselleira participou en senllas reunións ministeriais en novembro e decembro. En novembro, aproveitou a súa visita para presentar o vídeo **"Galicia, dende o mar"**, que amosa a realidade do sector pesqueiro galego. Con él, a Xunta pretende concienciar ás autoridades europeas do impacto que as decisións comunitarias teñen en moitas familias da comunidade galega para que, ao tomarlas, avalíen tanto os aspectos

medioambientais como os económicos e sociais. Esta acción sumouse aos informes presentados polo executivo galego, tanto en Madrid como en Bruxelas, para advertir do impacto que terían na frota os recortes propostos nas cotas de pesca de merluza e xurel para o ano 2020.

**Rosa Quintana
volveu participar,
en representación
das comunidades
autónomas, no
Consello de Pesca de
decembro onde se
deciden os límites de
captura para o ano
seguinte**



Conselleira de Mobilidade e Infraestruturas

A conselleira de Mobilidade e Infraestruturas, Ethel Vázquez, visitou Bruxelas a principios de abril para abordar a situación de Galicia dentro da Rede Transeuropea de Transporte así como para explicar o traballo de saneamento das rías á Comisión Europea. Para elo, mantivo reunións con varios departamentos da Comisión Europea.

A raíz da reunión mantida coa Dirección Xeral de Mobilidade e Transporte, a Xunta foi invitada a participar nas seguintes reunións do Foro do Corredor Atlántico como observadora e así prepararse de cara á súa inclusión en 2021.



Ethel Vázquez coa directora de Augas da Comisión Europea, Veronica Manfredi

Pola súa parte, tras a reunión coa Dirección Xeral de Medioambiente, a Xunta de Galicia enviou un informe no que explica cómo desenvolve o seguimento e control de vertidos ás rías así como a xestión de infraestruturas de saneamento e depuración.

Este contacto informal e directo coa Comisión Europea axudaron a aclarar dúbidas e mellorar a comprensión entre ambas administracións.

O cumprimento da normativa comunitaria en materia de augas e a conexión de Galicia co resto da Rede Transeuropea de Transporte centraron a visita de Ethel Vázquez a Bruxelas

Conselleiro de Cultura e Turismo

O conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, visitou Bruxelas a principios de abril para se reunir coa Comisión Europea e a Representación Permanente de España ante a UE. A todos eles explicou como Galicia se está a preparar para a celebración do Xacobeo 2021 e reivindicar o carácter europeo desta efeméride.

O conselleiro inaugurou, ademais, no Parlamento Europeo a exposición fotográfica "Camiñar, camiñamos...", que reflicte a peregrinación polo Camiño Francés, e presidiu a colocación dunha mouteira do Camiño de Santiago na entrada do Parlamento Europeo -onde comparte espazo cun trozo do Muro de Berlín-, un feito simbólico que lembra que, en Europa, é moito máis o que nos une que o que nos separa.



Román Rodríguez coa xefa de gabinete do comisario de Cultura da Comisión Europea



Inauguración da mouteira do Camiño de Santiago instalada á entrada do Parlamento Europeo

Román Rodríguez visitou Bruxelas en abril para chamar a atención sobre a dimensión europea do Xacobeo 2021

Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, visitou Bruxelas a comezos de outubro para manter diversas reunións coa Comisión Europea e así poder abordar temas de gran importancia para Galicia como a futura estratexia industrial europea, a revisión das normas europeas aplicables ás axudas de finalidade rexional e a transición xusta hacia unha economía de cero emisións.



Francisco Conde co comisario de Política rexional, Johannes Hahn



Francisco Conde mantivo varias reunións en Bruxelas relacionadas coa transición xusta cara unha economía de cero emisións

Entre os representantes do executivo comunitario cos que se puido reunir, atopábanse a directora de Mercados Europeos e Internacionais do Carbono (Dirección Xeral de Acción polo Clima) ou o director xeral adxunto de Axudas de Estado (Dirección Xeral de Competencia). Nesta tarefa estivo acompañado por Patricia Argerey, directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN) e Juan Civildanes, director do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

Tras a ronda de reunións, o conselleiro concluíu a súa visita oficial coa participación no I Cumio sobre o Futuro da Mobilidade Autónoma, organizado polo Grupo Interrexional sobre o futuro do Automóvil do Comité Europeo das Rexións (Co-

RAI), do que Galicia é membro. Tras intercambiar impresións no espazo destinado á exposición de proxectos co daquela comisario de Política Rexional en funcións, Johannes Hahn, Conde interviño nunha mesa redonda con outros representantes políticos regionais. O conselleiro explicou os avances de Galicia no ámbito da **movilidade autónoma**, recordando que foi a primeira rexión española en impulsar o traxecto dun vehículo sen conductor en 2015.

Conselleira de Política Social

Galicia recibiu o Premio Europeo de Servizos Sociais por un proxecto de reinserción da poboación reclusa

En decembro, a conselleira de Política Social, Fabiola García, presidiu o acto de entrega do primeiro Premio Europeo de Servizos Sociais organizado pola Rede Social Europea no Comité Europeo das



Fabiola García preside a 1ª entrega dos Premios Europeos de Servizos Sociais



Rexións. Ademais, unha experiencia galega, o programa Nelson Mandela que facilita a reinserción sociolaboral da poboación reclusa, foi elixida como gañadora na categoría de práctica colaborativa ao reunir á Xunta, institucións penitenciarias e a administración local para a súa execución. O programa Nelson Mandela leva dez anos funcionando no cárcere de Teixeira, en A Coruña, durante os que axudou a máis de 1.100 personas a reconstruír as súas vidas despois de saír de prisión.

A conselleira de Política Social aproveitou a súa visita a Bruxelas para manter unha reunión de traballo co equipo da FGE.

III. SEGUIMIENTO E PARTICIPACIÓN NAS POLÍTICAS EUROPEAS

Política de cohesión

O Parlamento Europeo e o CdR apoiaron a demanda galega de que ningunha rexión que descenda de categoría poida ver diminuídas as súas asignacións respecto ao período anterior

O debate sobre a futura política rexional e o novo orzamento a longo prazo da UE foi un dos principais temas de traballo da Fundación Galicia Europa durante 2019. No referente á política de cohesión, que representa casi un terzo do orzamento, a Xunta calcula que Galicia podería ver diminuída a súa asignación en máis dun 40% en comparación co actual período, malia que o seu PIB diminúa 10 puntos, pasando así de rexión máis desenvolvida á rexión en transición. Esta incoherencia explícase fundamentalmente polo trato privilexiado que recibe Galicia no 2014-2020 ao ter abandonado o grupo de rexións menos desenvolvidas por primeira vez. Grazas a este trato, a asignación per cápita galega é seis veces superior á media do resto de rexións desenvolvidas.

No obstante, xa en 2018 a **FGE deseñou unha estratexia a nivel europeo para chamar a atención sobre a incoherencia que supón unha redución de fondos malia descender de categoría.**

En 2019, conseguiuuse o apoio do Parlamento Europeo en febreiro grazas á aprobación dunha emenda presentada ao Regulamento de Disposicións Comúns que o eurodeputado galego Francisco Millán Mon defendeu insistentemente. Que ningunha rexión que descenda de categoría vexa reducida as súas asignacións respecto ao período precedente é tamén a idea recollida nunha resolución do CdR sobre o futuro Marco Financeiro Plurianual aprobada en outubro, grazas a unha emenda galega.

Os contactos coa Comisión Europea foron tamén continuos, culminando en outubro coa reunión entre o vicepresidente Rueda e o director xeral de Política Rexional, Marc Lemaître, na que se viñeron confirmar os cálculos feitos pola Xunta de Galicia. Así e todo, Lemaître lembrou que se trata tan solo dunha pre-asignación teórica e que os Estados terán no novo período máis flexibilidade para a xestión e distribución de fondos, polo que instou á Xunta a contar co apoio do Goberno de España nesta situación.

Neste sentido, a FGE mantivo diversos contactos coa Representación Permanente de España ante a UE para coñecer a posición de España no complexo debate sobre o MFP e explicar a situación de Galicia. Desafortunadamente, non foi posible un acordo entre os líderes europeos sobre o MFP antes de final de ano. A última proposta sobre a mesa rebaixaba o importe total do orzamento, incluído o referente á política de cohesión, o que facía a reivindicación galega máis complicada.



Alfonso Rueda co director xeral de Política Rexional, Marc Lemaître



Seminario EWRC sobre a política rexional 2021-2027

A FGE organizou un seminario durante a Semana Europea das Rexións sobre como utilizar os fondos estruturais para, por un lado, facer fronte á necesidade de reformas estruturais e, por outro, investir nos obxectivos políticos de sostibilidade e I+D+i. Con preto de catrocentos asistentes, a FGE reuniu neste seminario a dous altos cargos da Comisión Europea, á vicepresidenta da rexión Norte de Portugal, Ester Silva, e ao director xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta, Miguel Corgos, baixo a moderación do director do Real Instituto Elcano en Bruxelas, Luis Simón.

Como conclusión deste debate, destacou a importancia de que os fondos estruturais se utilicen para contribuír aos desafíos comúns identificados no proceso de coordinación das políticas económicas dos Estados membros (Semestre Europeo). En concreto, para investir en transición climática, enerxética e dixital. O representante galego, pola súa parte, alertou tamén das dificultades que implicaría unha menor taxa de cofinanciamentos dos fondos para a súa execución.

Transporte

Despois de que en 2018 se confirmara a extensión do Corredor Atlántico ata Galicia a partir de 2021, o labor da FGE centrouse a principios de 2019 en **defender a inclusión da conexión ferroviaria Vigo-Oporto na rede básica da RTE-T con motivo da revisión do regulamento prevista para 2023 e**

para a que a Comisión Europea abriu unha consulta pública en maio.

Xa en xaneiro a comisaria de Transportes, Violeta Bulc, contestou a unha carta dos conselleiros de Presidencia e Mobilidade da Xunta de Galicia na que lle trasladaban unha proposición non de lei do Parlamento de Galicia con esta demanda. Destacando como o desenvolvemento de conexións transfronteiras permite unha maior integración dos países veciños, Bulc animaba a aproveitar esta futura revisión para que os Estados membros afectados avalíen a necesidade ou non dunha maior conexión.

A FGE traballou estreitamente coa Dirección Xeral de Mobilidade para definir e trasladar a posición de Galicia en materia de transporte, conseguindo a participación galega no Foro do Corredor Atlántico



Vista do seminario organizado pola FGE "Política de cohesión 2021-2027: como investir os fondos para responder aos desafíos mundiais e á necesidade de reformas estruturais"



Seminario "Por unha conectividade atlántica reforzada" celebrado en Bilbao

En abril, a FGE organizou unha visita da conselleira de Mobilidade e Infraestruturas, Ethel Vázquez, a Bruxelas para abordar a situación de Galicia na RTE-T. A raíz dos contactos mantidos en DG MOVE, a Xunta puido participar en dúas reunións do **Foro do Corredor Atlántico**, en xuño e outubro, como observador e así prepararse de cara a súa inclusión en 2021. Deste modo, a Xunta puido confirmar que a conexión ferroviaria de Vigo coa fronteira portuguesa a través da denominada "saída sur" xa está formalmente incluída dentro da rede principal e, por tanto, é prioritaria para o ano 2030.

En xullo, a Xunta respondeu, co apoio da FGE, á consulta pública que definirá a Rede Transeuropea de Transporte a partir do ano 2023, contribución que tamén fixo a través da resposta conxunta achegada pola Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas.

En setembro, a FGE acompañou ao director xeral de Mobilidade da Xunta, Ignacio Maestro, ao foro organizado pola Comisión do Arco Atlántico en Bilbao para reclamar unha maior conectividade da fachada atlántica no marco da revisión da RTE-T. Maestro explicou neste foro as necesidadees de conexión de Galicia.

Agricultura e Pesca

A FGE mantén un convenio coas consellerías de Medio Rural e do Mar para dispor dunha asesora técnica desprazada en Bruxelas para o seguimento

das políticas comunitarias de pesca e agricultura.

En relación coa pesca, o ano estivo marcado polo **anuncio en xuño dunha proposta de taxas admisibles de capturas e cotas en detrimento dos intereses do sector en Galicia**. Como consecuencia, a Xunta de Galicia entregou ao Goberno do Estado e á Comisión Europea informes sobre o impacto que terían na comunidade autónoma as propostas de recortes de cotas na merluza -un 20% de promedio entre augas do Cantábrico Noroeste e Gran Sol- e no xurel -un 48% de promedio entre augas do Cantábrico e ao sur de Fisterra- para o ano 2020. So nestas dúas especies a perda de ingresos rondaría os 90 millóns de euros e afectaría de maneira directa a preto de 3.700 tripulantes.

Galicia achegou varios informes científicos e económicos á UE para que a decisión final sobre as posibilidades de pesca en 2020 fora máis favorable aos intereses galegos



Ademais, a Consellería do Mar elaborou outros informes como o do estado da cigala no Cantábrico Noroeste o o dos prexuízos que causa no palangre galego a non extensión a todas as frota da norma que prohibe o cercenamento das aletas aos tiburóns.

Para completar a defensa deste sector, a principios de decembro **a Xunta presentou en Bruxelas un vídeo** sobre os profesionais do mar. A conselleira do Mar explicou como Galicia é unha rexión relativamente pequena pero con sector pesqueiro moi importante, cuxos protagonistas están comprometidos coa conservación do medio mariño porque é a mellor garantía de seu medio de vida e do das xeracións futuras. Finalmente, **o acordo final de cotas de pesca para 2020 suavizou a proposta da Comisión**, permitindo manter o sector pesquero a frote.

En relación co futuro **Fondo Europeo Marítimo e Pesquero** (FEMP), a Consellería do Mar preparou xunto co ministerio competente un documento de posicionamento de España que foi presentado, xunto con Francia e Italia, no Consello, sirvindo de base para o acordo conseguido entre as 28 delegacións nacionais en maio. Deste modo, incluíuse o aumento das taxas de cofinanciamento

e a introdución dunha excepción á prohibición de aumentar a capacidade individual dun buque por cuestións de seguridade e mellora das condicións de traballo a bordo. Isto vai en liña coa defensa que vén facendo a Xunta da necesidade de prestar un maior apoio para a renovación do sector.

É de destacar a **participación do sector pesqueiro galego en dúas audicións organizadas no Parlamento Europeo**: en xaneiro, o presidente da Federación de Cofradías de Galicia participou nunha sobre pesca costeira artesanal e, en febreiro, o xerente da organización de produtores de Lugo participou noutra para avaliar a entrada en vigor da obriga de desembarque.

En canto á **política agrícola común 2021-2027**, a FGE seguiu atenta ás negociacións das tres propostas de regulamentos para velar por que se respecte a posición galega consensuada en 2018 co sector. Algunhas das cuestións debatidas en 2019 refírense á exención dos pequenos agricultores no que respecta á condicionalidade, ao carácter obrigatorio ou voluntario para os Estados membros de establecer os eco-réximes que substituirán ao actual *greening* ao nivel de porcentaxe reservado ás axudas acopladas.



Presentación do vídeo "Galicia, desde o mar" en Bruxelas



Por outro lado, 2019 foi o último ano no que Galicia representou ás comunidades autónomas na sección de produtos gandeiros do **Comité da Organización Común de Mercados (OCM)**, cuxa función é definir os mecanismos que regulan a produción e o comercio destes produtos dentro da Unión. Galicia tamén participou no Comité Forestal que asesora á Comisión Europea en materia de bosques.

Outros dos debates que centraron a atención da Xunta foi o referido a unha nova Estratexia Forestal Europea a partir de 2020, así como o dos **regulamentos de transición da PAC** para o período intermedio ata que comece, probablemente en 2022, a aplicación dos novos. Os dous regulamentos de transición garantirán a continuidade de todas as axudas da PAC, tanto os pagos directos como as medidas de mercado. Os programas de desenvolvemento rural poderán prorrogarse e prevese a posibilidade de transferencias entre pilares.



Durante máis de 10 anos, Galicia participou no comité de OCM dos produtos lácteos en representación de todas as CCAA

Por último, a FGE prestou especial atención ao **conflito orixinado dentro da OMC polas axudas europeas a Airbus** que propiciou a imposición de aranceis por parte de EEUU a produtos agroalimentarios da UE, entre eles, algúns produtos lácteos e pesqueiros.

Clima e Enerxía

A FGE facilitou que no mes de xuño a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta, María Cruz Ferreira, explicase no Comité das Rexións o seu labor como coordinadores da oficina en Galicia do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía, que actualmente conta con 176 municipios galegos adscritos.

Ademais, xa que Galicia se converteu nunha das primeiras comunidades autónomas en asumir un papel proactivo e aprobar a súa propia guía de actuación en cambio climático, a FGE organizou a **presentación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 en Bruxelas**, durante a Semana Europea das Rexións e as Cidades, e apoiou o seu lanzamento oficial en Santiago, durante o mes de novembro.



Seminario "Rexións europeas por un diálogo multinivel en materia de clima y energía"

Así mesmo, a FGE traballou xunto co departamento de Enerxía e Minas da Xunta para fomentar a inclusión de Galicia como membro da **Plataforma Europea das Rexións Mineiras** en Transición, o que propiciou que a Xunta asistise ao seu segundo diálogo político, que tivo lugar en Görlitz (Alemaña) a finais de novembro. Esta plataforma foi auspiciada pola Comisión Europea para facilitar a transición das rexións a unha economía libre de carbón. Nela participan os chamados "Equipos País", establecidos nos Estados membros para permitir a colaboración técnica entre o goberno nacional, a Comisión Europea e as rexións afectadas.

Galicia é unha das primeiras rexións europeas en comprometerse a acadar a neutralidade climática en 2050, polo que a FGE contribuíu a dar a coñecer en Bruxelas as accións emprendidas para conseguir esta meta

Grazas ao impulso da FGE, Galicia incorporouse no outono ao Equipo País español xunto con Aragón, Asturias, Castela e León e Castela-A Mancha.

Competitividade

Despois de que a Comisión Europea decidise prorrogar as Directrices sobre as Axudas de Estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (DAR), a FGE traballou coordinadamente co IGAPE para dar resposta ás consultas públicas lanzadas polo executivo comunitario coa finalidade de solicitar información das partes interesadas. O IGAPE participou remarcando tanto o carácter restritivo das DAR como o efecto derivado da diferenza de intensidade das axudas entre Galicia e Portugal.

As posibles consecuencias dunha revisión das DAR foron abordadas polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, e o director do IGAPE, Juan Cividanes, na reunión mantida co director xeral adxunto de Axudas de Estado da Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea durante a Semana Europea das Rexións (EWRC), a comezos de outubro. Así mesmo, o IGAPE reuniuse coa Dirección Xeral de Política Rexional para tratar a posta en marcha en Galicia de diferentes instrumentos financeiros. A FGE organizou e prestou apoio no desenvolvemento de ambos encontros.

Durante a EWRC, a FGE tamén asistiu a senllas delegacións da **Autoridade Portuaria de Vigo (APV)** e do **Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)**. Non evento "Como impulsar o crecemento azul dende a base: o exemplo do Porto de Vigo", o presidente da Autoridade Portuaria deu a coñecer a evolución da súa Estratexia de Crecemento Azul, implantada na APV no ano 2016. Como complemento da súa visita a Bruxelas, a FGE preparou unha axenda de reunións co Banco Europeo de Investimentos e representantes



Francisco Conde durante a reunión sobre axudas ás empresas na Dirección Xeral de Competencia

das direccións xerais de Pesca, Medio Ambiente, Transporte e Competencia da Comisión Europea.

Ante unha posible
revisión no futuro, a
Xunta puido explicar
á Comisión Europea
como está afectando
en Galicia o actual
marco comunitario de
axudas de Estado con
finalidade rexional

Pola súa banda, o director do CTAG expuxo a participación do Centro Tecnolóxico na recentemente creada Comunidade de Coñecemento e Innovación (KIC polas súas siglas en inglés) de Mobilidade Urbana ante representantes da Dirección Xeral de Educación, Mocidade, Deporte e Cultura e da Dirección Xeral de Investigación e Innovación, para máis tarde unirse ao resto da súa delegación no **Cumio sobre o Futuro da Mobilidade Autónoma**, organizado polo Grupo Interregional sobre o futuro do Automóvil do Comité Europeo das Rexións coa colaboración da FGE.

Tamén no ámbito da automoción, no mes de marzo a aceleradora de empresas **Business Factory Auto (BFA)** - promovida pola Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca de Vigo, o Grupo PSA e o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA)- foi premiada pola Asociación Europea de Axencias de Desenvolvemento Rexional (EURADA) como mellor práctica a nivel europeo por contribuír ao crecemento económico e a mellora da competitividade das empresas no sector de automoción.



O presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Enrique López Veiga, durante a súa exposición na EWRC



O director do IGAPE e o xerente do CEAGA recollen o premio EURADA por Business Factory Auto de mans da responsable de clústers da Comisión Europea



Décima reunión do Grupo Operativo Brexit celebrada na oficina da FGE en Bruxelas

IV. BREXIT

Desde o referendo celebrado en 2016, no que se acordou a saída de Reino Unido da UE, a FGE levou a cabo un estreito seguimento das negociacións, co dobre obxectivo de manter informada á sociedade galega e de axudar a prepararse ante as posibles consecuencias.

Grupo Operativo do Brexit da Comisión do Arco Atlántico

Galicia coordina desde 2017 o Grupo Operativo do Brexit, creado no seo da Comisión do Arco Atlántico (CAA), unha do seis comisións xeográficas nas que traballa a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM).

En xuño, este grupo reuniuse con motivo do 30 aniversario da CAA. Nesta reunión, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, interveu para defender a negociación dun acordo pesqueiro entre a UE e Reino Unido como condición previa a un acordo comercial que regule as relacións futuras entre ambas as partes. Así mesmo, Gamallo remarcou a necesidade de compensar economicamente, sen recorrer ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), aos pescadores e empresas pesqueiras que operen en augas británicas, como é o caso de preto de 96 entidades e 1.700 tripulantes galegos.

A décima reunión do Grupo Operativo Brexit tivo lugar o 6 de novembro na sede da FGE. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, presidiu esta reunión na que se abordou o impacto do brexit nas rexións atlánticas e as medidas preparatorias postas en marcha polos gobernos rexionais. Ademais, debatéronse e definiron as mensaxes da declaración política sobre o brexit e a pesca que foi adoptada na Asemblea Xeral da CAA celebrada no Porto o 14 de novembro.

Galicia volveu reivindicar a necesidade de acceso mutuo aos recursos mariños e os mercados, e que se garanta a viabilidade futura do sector pesqueiro europeo e británico



V. PARTICIPACIÓN EN REDES DE COOPERACIÓN REXIONAL

A FGE presta apoio e representa á Xunta de Galicia en diferentes redes de cooperación rexional para sumar esforzos con outros territorios europeo na defensa de intereses comúns na UE. Estas redes serven, ademais, para o intercambio de información sobre o desenvolvemento das políticas europeas e a súa posible repercusión nas rexións, ademais de para establecer contactos de cara ao desenvolvemento de proxectos europeos. Son varias as redes existentes, que traballan en ámbitos ben diferenciados e con carácter máis o menos formal. A continuación, explícase o traballo levado a cabo durante 2019 polas principais redes que contan con participación galega.

Colaboración de Oficinas Rexionais Españolas en Bruxelas (CORE)

En 2019, a FGE participou en 39 reunións desta rede informal constituída en 2002 co obxectivo de intensificar as relacións das oficinas de representación autonómica en Bruxelas e mellorar a súa interlocución coas institucións comunitarias e coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER).

Trátase, por un lado, de reunións organizadas polos 11 Grupos de Coordinación Técnica, que teñen

por obxectivo realizar o seguimento e a análise das políticas comunitarias, e de reunións dos directores de oficinas con altos cargos das institucións comunitarias, como o comisario español, Miguel Arias Cañete. Entre os temas tratados, destacan o novo Pacto Verde Europeo, o próximo Programa Marco de Investigación e Innovación (Horizonte Europa) ou a futura estratexia de política industrial da UE.

A FGE coordina o grupo dedicado á política de cohesión, para o que organizou cinco reunións ao longo do ano: tres co conselleiro de Facenda da REPER e dúas coa Dirección Xeral de Política Rexional. Ademais, elaborou 14 correos informativos para dar conta do estado das negociacións do Marco Financeiro Plurianual e os regulamentos de política de cohesión.

No segundo semestre do ano, a FGE fíxose cargo da coordinación xeral da CORE, tomando a testemuña da oficina de Estremadura. Para iso, elaborou un programa de traballo marcado pola actualidade comunitaria e a vontade de favorecer unha maior participación das CCAA nos asuntos comunitarios. Respecto á axenda europea, a FGE tivo en conta o proceso de cambio na composición do Parlamento Europeo e a Comisión Europea, as negociacións do novo Marco Financeiro Plurianual, a Axenda Estratéxica da UE 2019-2024 adoptada en xuño e o Brexit.



Grupo de Cohesión de CORE reunido na oficina da FGE en Bruxelas cun funcionario da Comisión Europea



A directora da oficina de Bruxelas da FGE asumiu a coordinación das oficinas de CCAA en Bruxelas

A FGE coordinou o sistema de colaboración entre oficinas de representación autonómica en Bruxelas nun contexto de cambio institucional e de renovación da axenda política comunitaria

En total, a FGE organizou dúas reunións internas e sete encontros entre os directores de oficinas os seguintes altos cargos de institucións comunitarias:

- Jaume Duch, director xeral e portavoz do Parlamento Europeo, para abordar os resultados das eleccións europeas e analizar a composición do novo Parlamento Europeo.
- Ángel Boixareu, director de Agricultura, Pesca, Asuntos Sociais e Sanidade do Consello, para tratar a aplicación da nova axenda política estratéxica adoptada polos líderes europeos.

- Rosa Aldea Busquets, directora xeral adxunta da Dirección Xeral de Orzamentos, e Juan José López Lledó, xefe de unidade de Orzamentos da Comisión Europea, para analizar o estado das negociacións do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.
- Guillermo Anguera, conselleiro Mertens da REPER española, co que se reuniron os directores en dúas ocasións para examinar os resultados das reunións do Consello Europeo de outubro e decembro.
- Ricardo Díez-Hochleitner Cousteau, conselleiro Brexit da REPER española, para abordar a prórroga solicitada polo primeiro ministro británico para retrasar o Brexit ata o 31 de xaneiro de 2020 e as súas consecuencias.

Por último, a directora da oficina de Bruxelas da FGE, Ana Ramos Barbosa, participou como coordinadora da CORE nun dos seminarios organizados polo Real Instituto Elcano no marco da súa iniciativa **"Ecosistema de influencia e cultura española en Europa"** xunto con altos funcionarios comunitarios e representantes políticos e empresariais españois en Bruxelas. Esta iniciativa pretende, por un lado, enriquecer o debate en asuntos europeos entre as elites políticas, económicas, académicas e de opinión pública españolas, e por outro lado, mellorar o coñecemento das prioridades estratéxicas nacionais en relación con Europa.



Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM)

A FGE asistiu no ano 2019 a 11 reunións da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e da súa comisión xeográfica do Arco Atlántico (CAA). A análise e a información facilitada pola CRPM foi especialmente útil para avaliar as propostas do futuro Marco Financeiro Plurianual e da política rexional, así como a revisión en marcha da Rede Transeuropea de Transporte.



As rexións do Arco Atlántico reuníronse o 5 de xuño de 2019 para celebrar os 30 anos de cooperación dentro da Comisión do Arco Atlántico da CRPM e para debater sobre os grandes desafíos estratéxicos que teñen que afrontar as rexións atlánticas, como o Brexit, o Cambio Climático, a política de transporte ou o lugar das rexións atlánticas nas políticas da UE. Os membros da CAA aprobaron unha declaración política sobre a revisión do Plan de Acción da Estratexia Marítima Atlántica e unha carta aberta sobre o futuro do programa Interreg.

En outubro, celebrouse a Asemblea Xeral da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM) en Palermo. No manifesto adoptado, titulado "As rexións no corazón dunha Unión europea reformada", a CRPM e as súas 150 rexións membro, insisten na necesidade de garantir que os obxectivos da Unión estean estreitamente ligados coa

cohesión territorial así como no feito de que as políticas da UE inclúan un enfoque territorial, especialmente en materia de clima, enerxía, especialización intelixente, crecemento azul sostible, transporte e migración.

A participación de Galicia na CRPM constitúe unha boa canle para influír nas políticas europeas relacionadas coa conectividade, os fondos europeos e os asuntos marítimos

Grupo Interrexional sobre o futuro do Automóbil do Comité Europeo das Rexións (CoRAI)

Este grupo interrexional organizou dúas reunións políticas coincidindo con senllas reunións plenarias do Comité Europeo das Rexións. Na primeira, que tivo lugar a finais de xullo baixo o título "A inminente crise do talento: como poden as rexións automobilísticas tomar a iniciativa?", discutíronse as transformacións recentes do sector relacionadas coa dixitalización, a robótica ou a automatización, así como a súa vinculación coa necesidade de requisitos profesionais específicos e o papel que as rexións desempeñan na atracción do talento.



Reunión do grupo de Cohesión da CRPM celebrada na oficina da FGE en Bruxelas en febreiro



A representación galega no I Cumio sobre Mobilidade Autónoma

A conducción autónoma centrou os debates de CORAI ao cumprirse 10 ano dende a súa constitución

Xa en outubro, durante a Semana Europea das Rexións e as Cidades, a FGE formou parte da organización da segunda reunión política do ano, que nesta ocasión, e co ánimo de celebrar os dez primeiros anos de vida do CoRAI, se constituíu como I **Cumio sobre Mobilidade Autónoma**. O panel político contou coa intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, que remarcou a posición vantaxosa de Galicia ante os novos retos derivados da conducción autónoma. Pola súa parte, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), participou no panel técnico presentando SISCOGA, un corredor de probas que ten como obxectivo principal poñer en marcha proxectos relacionados coa mobilidade autónoma.

Rede de Rexións con Desafíos Demográficos (DCRN)

A FGE participou ao longo de 2019 en tres reunións da DCRN, unha rede que aglutina a unhas

40 oficinas de representación rexional en Bruxelas que afrontan importantes cambios demográficos.

As actividades desenvolvidas en 2019 consistiron en seminarios e intercambios de boas prácticas sobre **envellecemento activo e migración da poboación**, así como nunha presentación do concepto "**Smart Villages**", que se está promovendo a través da Rede Europea de Desenvolvemento Rural.

Ademais, a rede estableceu os primeiros contactos coa **nova comisaría de Democracia e Demografía, Dubravka Šuica**, e celebrou que por primeira vez os retos demográficos estean asignados a unha carteira específica dentro da Comisión Europea, cuestión á que, sen dúbida, contribuíu con éxito o traballo desenvolvido polas rexións que integramos a DCRN.

Tras anos de traballo da DCRN, por primeira vez o reto demográfico é obxecto dunha carteira específica dentro da Comisión Europea



Rede Europea para a Promoción da Diversidade Lingüística (NPLD)

A sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas acolleu a principio de novembro a reunión anual do Comité Executivo da NPLD, da que a Xunta é membro dende os seus inicios en 2008. Ademais das cuestións internas, durante esta reunión de dous días, a NPLD organizou un seminario sobre as lingua minoritarias na UE, no que o **secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez, explicou o programa escolar de dinamización lingüística "21 días co galego e máis"**, que propón pequenos retos estimulantes para axudar aos adolescentes a comunicarse en galego.

En febreiro, esta rede organizou un almorzo informativo para explicar as súas liñas de traballo ás oficinas de representación rexional en Bruxelas e, en setembro, con motivo do Día Europeo das Linguas, organizou un simposio sobre a aplicación da Carta Europea de Linguas Minoritarias, en colaboración co Consello de Europa.

Federación Europea do Camiño de Santiago

En decembro, a FGE acolleu na súa oficina de Bruxelas unha reunión do comité técnico da Federación Europea do Camiño de Santiago, plataforma europea que promociona a ruta xacobeana como itinerario cultural europeo recoñecido polo Consello de Europa e da que é membro activo a Xunta de Galicia. As nove entidades participantes avaliaron a primeira edición do **Día Europeo do Camiño de Santiago**, celebrada entre o 18 e o 20 de outubro, e planearon conxuntamente novos proxectos.

Por parte da Xunta de Galicia, participou o director de Competitividade da Axencia de Turismo de Galicia, José Luis Maestro, que explicou os preparativos do próximo Ano Xacobeo 2021 e avaliou os dez primeiros anos de vida da federación.

Rede de Rexións por un Turismo Sostible e Competitivo (NECSTouR)

La FGE colaborou en 2019 con NECSTouR, especialmente a través das bolseiras coas que contou a Axencia de Turismo de Galicia na súa oficina de Bruxelas, grazas ao convenio firmado entre as dúas entidades públicas no ano 2018. O obxectivo desta rede, creada en 2007, consiste en situar o turismo na axenda europea e influir de maneira directa na toma de decisións das políticas comunitarias, ademais de impulsar a cooperación entre as 36 rexións que son membros desta rede. Galicia é tamén unha das 12 rexións que compoñen o Comité Executivo.

NECSTouR continuou traballando na difusión da súa **Declaración de Barcelona "Mellores lugares para vivir, mellores lugares para visitar"**, coa que pretende fomentar o equilibrio entre a afluencia turística, o patrimonio cultural e a vida cotiá dos habitantes dos destinos turísticos. En 2019, esta rede organizou sete eventos e interveu en outros 20, e continuou coa xestión de catro proxectos europeos. A medición de datos para a xestión dos destinos ou as medidas implantadas por certos destinos para evitar a masificación son algúns dos temas abordados por NECSTouR durante este ano.



O secretario xeral de Política Lingüística durante a súa explicación do proxecto "21 días co galego e máis"



Reunión da Federación Europea do Camiño de Santiago na FGE



VI. PROMOCIÓN DE GALICIA EN BRUXELAS

De maneira complementaria ao seu labor institucional, a FGE apoia e participa en eventos que promocionan Galicia en Bruxelas dende o punto de vista cultural, turístico e económico. Por exemplo, en abril, a directora da FGE en Bruxelas, Ana Ramos, deu unha charla nunha escola belga sobre Galicia no centro de formación de formación de asistentes de dirección ECSEDI-Isalt.

Alfombra de Flores de Bruxelas 2020

Dende o ano 2018, a Fundación Galicia Europa mantivo contactos co concello de Bruxelas para que o **Camiño de Santiago fora o motivo da alfombra floral de 1.800 m2 que cubriría a Grande Place de Bruxelas entre os días 13 e 16 de agosto de 2020**. Deste xeito, búscase promocionar o Ano Santo Xacobeo, que se inaugurará coa cerimonia de apertura da Porta Santa da Catedral de Santiago o próximo 31 de decembro. A *Flower Carpet* é unha iniciativa cultural promovida polo goberno municipal de Bruxelas cada dous anos que finalmente foi suspendida en 2020 debido á crise sanitaria.



Presentación en Santiago de Compostela do proxecto que ía ter lugar en Bruxelas



Durante 2019, a FGE encargouse de defender este proxecto ante as autoridades locais competentes a través de tres reunións na súa oficina, exercendo así de nexo entre o concello da cidade belga e os impulsores desta iniciativa cultural: a Asociación de Alfombristas do **Corpus Christi de Ponteareas**. Neste labor, a FGE contou co apoio das bolseiras da Axencia de Turismo de Galicia.

Exposición sobre Antonio Fraguas Fragua

Con motivo das Letras Galegas 2019, a Fundación Galicia Europa exhibiu na súa oficina de Bruxelas unha exposición pública con paneis informativos sobre a vida e obra do escritor, historiador, xeógrafo e etnógrafo Antonio Fraguas Fraguas.

Recepción na Embaixada de España en Bélxica

Para conmemorar a Festa Nacional do 12 de outubro, a Fundación Galicia Europa facilitou a participación do grupo Alumea no acto de celebración organizado pola Embaixada de España en Bélxica. O grupo musical deleitou aos asistentes tocando algunhas das pezas máis clásicas do folclore galego.

25º aniversario do Comité Europeo das Rexións

En decembro, o Comité Europeo das Rexións celebrou os seus 25 anos de existencia cun acto institucional e unha degustación gastronómica de produtos de 16 rexións europeas, Galicia foi unha das comunidades autónomas que contou cun stand no que o Equipo da Fundación Galicia Europa deu a benvida aos preto de 500 invitados ao evento.



Actuación do Grupo Alumea na celebración da Festa Nacional en Bruxelas



Equipo da Fundación Galicia Europa no stand do acto de celebración dos 25 anos do CdR





2. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS

- I. TecEuropa
- II. Participación da FGE nos proxectos Lidera e Eurocidade 2020
- III. Apoio aos actores galegos de I+D+i: presenza de GAIN en Bruxelas
- IV. Reunións de proxectos europeos con participación galega na sede da FGE



2. FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS

A FGE fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos co fin de potenciar a competitividade dos sectores público e privado de Galicia

I. TecEuropa

En 2019, organizáronse **dúas novas edicións do programa de especialización en financiamento comunitario, TecEuropa**, para un total de 40 xestores de fondos europeos en entidades galegas.

A primeira edición tivo lugar durante a segunda semana de outubro, coincidindo por primeira vez coa **Semana Europea das Rexións e das Cidades** celebrada en Bruxelas. Deste modo, os 20 participantes puideron asistir a varios dos máis de 300 actos programados co asesoramento da FGE. Ao termino, os participantes coincidiron no interese común que suscita esta nova modalidade de TecEuropa para achegarse ás políticas europeas e establecer contacto con outras entidades.

En 2019 púxose
en marcha unha
nova modalidade
de TecEuropa
para facilitar a
participación galega
na Semana Europea
das Rexións e das
Cidades



Sesión de conclusións da novena edición de TecEuropa na oficina da FGE



A segunda edición de 2019 e novena en total, desenvolveuse baixo a modalidade clásica a mediados de novembro. Así, 20 novos participantes recibiron formación sobre as políticas da UE e financiamento asociado, na sede de Bruxelas da FGE, ademais de asistir a unha serie de visita programadas para descubrir o funcionamento das institucións comunitarias. Dúas semanas máis tarde, os técnicos tiveron un día de formación práctica en Santiago de Compostela, grazas á colaboración de Abanca, que cedeu unha das súas salas.

Preto de 200 técnicos participaron xa nas nove edicións de TecEuropa dende 2015

Tras estas dúas edicións, TecEuropa reuniu a un total de 185 participantes. Deles, un terzo provén do sector público autonómico, case unha trintena de entidades locais (dende pequenos municipios, como Pontenova ou Vedra, ata grandes como Lugo ou A Coruña), outros tantos de entidades sociais como COGAMI, 22 de deputacións, 17 das tres universidades galegas, 13 de entidades dedicadas á I+D+i, como o CTAG ou o ITMATI, 9 de entidades transfronteirizas, como a AECT-GNP, 3 de asociacións empresariais e 2 das cámaras de comercio. O programa da FGE de especialización en financiamento comunitario conta, por tanto, cunha participación moi variada, vinculando diversas experiencias profesionais e puntos de vista sobre o emprego dos fondos europeos.

II. PARTICIPACIÓN DA FGE NOS PROXECTOS LIDERA E EUROCIDADE 2020

A Fundación Galicia Europa, grazas ao convenio de colaboración que mantén coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, continuou participando durante o primeiro semestre de 2019 en dous proxectos de cooperación territorial xunto con outras entidades galegas e europeas. A FGE faise cargo deste dous proxectos da súa parte

de comunicación e de formación aos beneficiarios. Ambos proxectos foron aprobados na primeira convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e leváronse a cabo entre os anos 2016 e 2019.

Proxecto LIDERA

O proxecto "Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento novo transfronteirizo" (LIDERA) ten como obxectivo promover o desenvolvemento económico transfronteirizo mediante o desenvolvemento das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos do territorio. LIDERA conta cun orzamento de 1,4 millóns de euros para os seus catro anos de actuación.

En 2019, a FGE traballou na estratexia común de divulgación dos resultados, así como no seguimento daquelas iniciativas relevantes para a súa réplica en toda zona transfronteiriza.

A FGE deseñou unha nova imaxe do **boletín dixital trimestral** no que se dan a coñecer as iniciativas levadas a cabo polos mozos participantes nas actividades de LIDERA, especialmente nos cursos de Axentes de Cooperación TTransfronteiriza. Esta información foi enviada a diversos medios para a súa publicación, sendo moi ben acollida por parte do boletín dixital de POCTEP e pola Axencia EFE, conseguindo difusión en diversos medios de comunicación.





Así mesmo, elaboráronse dúas publicacións baixo o lema "**Conectados Sumamos**": unha revista e un caderno cun deseño áxil e visual. Co obxectivo de que poidan servir a outros, mostran as experiencias dos mozos que iniciaron unha actividade empresarial, crearon unha asociación ou presentaron algunha iniciativa xuvenil ao amparo de LIDERA. Os artigos e as fotografías foron deseñados integramente polos participantes.

A FGE centrouse en 2019 na comunicación das iniciativas transfronteirizas postas en marcha polos mozos beneficiarios do proxecto LIDERA

En decembro tivo lugar o **evento de comunicación do proxecto LIDERA** e a presentación final dos proxectos desenvolvidos no espazo La Molinera de Ourense baixo o título "Conectados, Sumamos" 62

foron os asistentes á xornada de comunicación e *networking*, onde non só se presentaron as publicacións, senón que tamén se continuou coa formación aos mozos asistentes e graváronse vídeos que servirían para dar máis visibilidade aos resultados de LIDERA.

No apartado de formación, a FGE organizou dúas **xornadas sobre proxectos europeos en Vila Nova de Cerveira** (26 de novembro e 9 de decembro) Un total de 30 participantes presentaron as súas ideas e deseñaron propostas de proxectos susceptibles de concorrer a algunha convocatoria comunitaria, das que 10 van a recibir un acompañamento específico para ser presentadas.

A FGE continuou facendo un estreito **seguimento dos participantes** nestes e anteriores cursos de LIDERA para asesoralos na posta en marcha das iniciativas que emprenderon. Un bo exemplo é "Pasaporte Rural", unha nova empresa do sector turístico que xurdiu co apoio do proxecto e desenvolverá a súa actividade no xeo -destino Condado-Paradanta e Norte de Portugal. A nova empresa pon a disposición guías transfronteirizas para impulsar o turismo no ámbito rural. O carácter personalizado e a inmersión coa poboación de destino son os seus acenos de identidade.

En outubro, os socios do proxecto organizaron o evento "**Mocidade: encontro de mozos creativos e emprendedores Galicia-Norte de Portugal**", un espazo de formación, creatividade, emprendemento,



cultura e ocio que permitiu compartir experiencias e ideas para afoutar aos mozos no seu desenvolvemento persoal e profesional. A FGE informou sobre as ferramentas que a UE pon a disposición dos mozos e deu a coñecer as fontes de información e asesoramento sobre participación, liderado e emprendemento. Todo isto tratando de axuntar novas tecnoloxías e atención personalizada aos mozos asistentes. Este obxectivo considerouse acadado con máis de 300 persoas que interactuaron co sistema e 100 mozos que recibiron información.

Eurocidade 2020 -A Eurocidade Chaves-Verín como ferramenta de aproximación de Europa 2020 aos cidadáns

Cun orzamento de 1,7 millóns de euros, este proxecto desenvolveuse entre os anos 2017 e 2019 co obxectivo de reforzar a cooperación institucional entre Chaves e Verín, unha agrupación de municipios transfronteirizos que ten como misión xestionar de forma conxunta as competencias locais. A posta en marcha duna rede de oficinas de turismo da Eurocidade ou a ampliación dos servizos incluídos na tarxeta da Eurocidade son algunhas das actividades previstas neste proxecto.

En xullo, presentouse o **estudo "Eurocidade, situación e perspectivas"**, elaborado a partir das reflexións compartidas tanto polos responsables políticos dende a súa creación, como polos mozos de entre 16 e 30 anos. O traballo analiza os méritos

e debilidades da Eurocidade para finalmente presentar propostas e recomendacións baseadas nas expectativas dos participantes.

En canto á formación, a FGE organizou en novembro **dous cursos sobre proxectos europeos dirixidos a mozos desempregados**. De dous días de duración cada un, o primeiro versou sobre o programa Mocidade en Acción e o segundo sobre o Corpo Europeo de Solidariedade. Os quince participantes en cada edición elaboraron propostas de proxectos para presentar a estes programas. Cinco delas presentáranse formalmente como candidaturas.

Medio centenar de mozos recibiron formación en proxectos europeos grazas á participación da FGE nos proxectos LIDERA e Eurocidade 2020



Curso de proxectos europeos para mozos de Chaves e Verín



III. APOIO AOS ACTORES GALEGOS DE I+D+i: PRESEN- ZA DE GAIN EN BRUXELAS

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) conta dende 2015, na oficina da FGE en Bruxelas, cun bolseiro que se renova cada ano para contribuír ao seguimento das múltiples iniciativas no ámbito da I+D+i que se impulsan dende a UE. Esta colaboración é posible grazas ao acordo de colaboración en vigor entre a Vicepresidencia da Xunta de Galicia e esta axencia pública, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria

En 2019, a actividade de GAIN en Bruxelas centrouse no seguimento das políticas europeas relacionadas coa dixitalización e a industria 4.0, así como a proposta da Comisión Europea para o período 2021-2027 (Horizonte Europa, Europa Dixital e política de cohesión) Para iso, continuou coa súa participación en dúas redes de cooperación rexional: a rede de rexións europeas para a I+D+i (ERRIN) e a *Vanguard Initiative*.

ERRIN, con sede en Bruxelas e máis de 120 membros, ten como obxectivo promover o intercambio de coñecementos, centrándose en accións conxuntas e na procura de socios para proxectos europeos, coa finalidade de fortalecer as capa-

cidades rexionais en I+D+i e a cooperación interrexional. En 2019, GAIN fixo un especial seguimento dos grupos de traballo referentes a Crecemento Azul, Saúde, Política, Innovación e Investimento, Especialización Intelixente, Turismo e Cidades Intelixentes.

A ***Vanguard Initiative***, pola súa parte, é unha rede cooperación interrexional, formada na actualidade por 36 rexións, que se basea no emprego das estratexias de especialización intelixente das rexións para impulsar un novo crecemento mediante a innovación empresarial e a renovación empresarial en áreas prioritarias europeas. En 2019, continuou defendendo ante o Consello e o Parlamento Europeo a necesidade de contar a partir de 2021 cun **instrumento de Investimento Interrexional de Innovación**, tal e como propuxo a Comisión Europea.

En xuño, esta rede celebrou a reunión anual de directores das axencias rexionais ás que asistiu Luisa Boquete, directora da área de programas de GAIN. Tras repasar o estado da situación dos cinco proxectos piloto en marcha e os 17 casos de demostración, os directores tiveron ocasión de debater xunto cos altos cargos da Comisión Europea sobre como **unir forzas para apoiar a difusión tecnolóxica e escalar a produción industrial**.



A directora de GAIN durante o seminario sobre transformación dixital da EWRC



GAIN explicou en Bruxelas o método empregado para avaliar a implantación da estratexia galega de especialización intelixente

En xaneiro, GAIN expuxo nun seminario, organizado polo Centro Común de Investigación (JRC) da Comisión Europea, o modelo de seguimento das **estratexias de especialización intelixente (RIS 3)** de Galicia, como exemplo de boas prácticas a nivel comunitario. O seminario tiña por obxecto poñer en común as dificultades que afrontan as rexións á hora de avaliar a evolución das súas RIS3, catro anos despois da súa posta en marcha. Esta estratexia ten como función establecer as prioridades de investimento en I+D+i da Xunta para o período 2014-2020 e serve como folia de ruta para deseñar as políticas de innovación na comunidade.

GAIN tamén participou nas reunións informativas que organiza habitualmente a *Oficina Española de Ciencia e Tecnoloxía* (SOST) en Bruxelas. Estas reunións centráronse, sobre todo, nas negociacións sobre como vai ser o novo Consello Europeo de Innovación, o futuro programa Europa Dixital, así como a estratexia de especialización dentro da nova proposta sobre política de cohesión para o período 2021-2027.

Outra das actividades primordiais de GAIN foi a participación en eventos dedicados aos **Digital Innovation Hubs** (DIH), case todos eles organizados pola Comisión Europea. En xullo, levouse a cabo a sétima reunión de traballo a nivel europeo sobre os DIH, á que asistiron tanto representantes de GAIN como dos dous novos hubs creados en Galicia: BIOGA e CEAGA.

Os últimos meses do ano estiveron ategados de eventos clave para a innovación galega, como os *R&I Days*, que tiveron lugar na capital comunitaria en setembro e nos que se presentaron as novidades referentes a Horizonte Europa, o novo programa marco de I+D+i para o período 2021-2027.

Durante a Semana Europea das Rexións e das Cidades (EWRC), a FGE organizou unha **axenda para a directora de GAIN, Patricia Argerey**, na que se incluíron reunións na Representación Permanente de España ante a UE e na Dirección Xeral de Investigación e Innovación da Comisión Europea para abordar algunhas das novidades do futuro Horizonte Europa, como a creación do Consello Europeo de Innovación ou as misións. Posteriormente, participou no seminario "O papel das rexións na promoción da transformación dixital: o caso de I4MS e SAE", organizado por GAIN no marco da EWRC para presentar casos de éxito relativos a promoción da transformación dixital das pemes levada a cabo polas rexións.

En novembro, GAIN organizou en Santiago de Compostela o acto **Innovation and Manufacturing Brokerage Event (IMB 2019)**, co apoio da rede *Vanguard Initiative* e a colaboración da FGE. Ao mesmo asistiron representantes da Comisión Europea para representar as súas propostas de fomento da innovación na industria, especialmente a través do programa Horizonte 2020.

A directora de GAIN explicou nun seminario da EWRC os mecanismos empregados en Galicia para a dixitalización das pemes



IV. REUNIÓN DE PROXECTOS EUROPEOS CON PARTICIPACIÓN GALEGA NA SEDE DA FGE

A oficina da FGE en Bruxelas acolleu reunións de dous grandes proxectos europeos liderados por entidades galegas: MATES, para o desenvolvemento das capacidades marítimas, e GHOST, para a mellora da seguridade nos fogares dixitais

A FGE pon a disposición das entidades galegas que participan en proxectos europeos as instalacións da súa oficina en Bruxelas para a xuntanza cos socios

e a organización de actos de difusión de proxectos.

A finais de maio, a FGE acolleu na súa sede unha reunión da xunta directiva do **Proxecto MATES** (*Maritime Alliance for fostering the European Blue economy through a Marine Technology Skilling Strategy*), un proxecto europeo financiado con case cinco millóns de euros do programa Erasmus+. Liderado polo Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), MATES conta con catro socios galegos máis e outros 12 europeos para analizar a evolución das tecnoloxías marítimas en Europa e elaborar un plan estratéxico que mellore a competitividade da industria mediante a adecuación dos currículos académicos e os programas de formación na materia.

En xunio de 2019, la oficina de la Fundación Galicia Europa en Bruselas acogió una reunión con ensayo final del **Proyecto Ghost**, una iniciativa tecnológica financiada con fondos del programa europeo Horizonte 2020 y destinada a impulsar significativamente el internet de las cosas en el mercado europeo. El proyecto tiene una destacada participación gallega al ser coordinado por Televés, la multinacional de investigación, fabricación y comercialización de equipos de telecomunicaciones con sede en Santiago de Compostela. La empresa gallega trabaja junto a otras 10 entidades europeas para desarrollar una aplicación de fácil uso con la que se mejore la seguridad de los hogares digitales.









3. INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA

- I. Web fundaciongaliciaeuropa.eu
- II. [Redes sociais](#)
- III. Web brexitgalicia.eu
- IV. [Revista ECO](#)



3. INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA

I. WEB fundaciongaliciaeuropa.eu

O portal web da Fundación Galicia Europa e a plataforma fundamental para a difusión de noticias sobre a FGE, así como da actualidade europea ligada aos intereses galegos. Nos últimos anos, a FGE recorre ás redes sociais para difundir o contido da súa páxina y atraer visitas.

A web conta, ademais, cun apartado específico sobre financiamento comunitario, no que se recolle un resumo dos programas existentes, as convocatorias que se publican en cada un deles e anuncios de entidades que buscan socios para presentarse ás convocatorias.



www.fundaciongaliciaeuropa.eu

26.488

FRECUENTACIÓN

sesións

72

sesións por día

3,4

minutos por sesión

12.967

usuarios: **75%** dende España (**56%** de Galicia)

10.503

usuarios novos

61%

menor de 34 anos

40%

de accesos dende dispositivos móbiles

17%

de acceso dende as redes sociais
(**70%** Facebook, **17%** Twitter, **14%** LinkedIn)

PUBLICACIÓNS

102

Noticias sobre a FGE e a participación galega en asuntos comunitarios

134

Noticias referidas á actualidade da UE dende una perspectiva galega

31

Fichas-resumo de convocatorias lanzadas polos programas de financiamento europeo

10

Anuncios de procura de socio por parte de entidades que queren presentar un proxecto

2.470

Subscritores ao boletín quincenal de alertas da web





| II. REDES SOCIAIS



Twitter

<https://twitter.com/FGaliciaEuropa>



Facebook

<https://www.facebook.com/fundaciongaliciaeuropa/>



LinkedIn

<https://www.linkedin.com/in/fundación-galicia-europa/>

REDES SOCIAIS EN CIFRAS

Twitter: +145
novos seguidores

Facebook: +317
novos seguidores

LinkedIn: +672
novos seguidores

TOTAL

1.851 
seguidores

2.103 
seguidores

2.018 
seguidores

Cómpre destacar a influencia positiva que tivo a campaña **#GaliciavotanaUE** posta en marcha pola FGE para animar á sociedade galega a votar nas eleccións europeas. Esta campaña serviu para incrementar o número total de seguidores en Twitter e Facebook.





III. WEB brexitgalicia.eu

A FGE seguiu actualizando esta web que dá soporte virtual ao "Foro Galego do Brexit" creado en 2018 pola FGE para informar sobre o proceso de saída do Reino Unido da UE dende unha perspectiva galega. A principios de 2019, creouse unha nova sección na que se resumen as medidas de preparación e continxencia articuladas a nivel europeo e nacional para axudar a cidadáns e empresas a adaptarse ao novo escenario, tanto no caso dunha saída abrupta -sen acordo- como no caso dunha saída suave.

En outubro, púxose en marcha unha nova sección, "**Respostas Brexit**", mediante a que se ofrece á cidadanía e ás empresas de Galicia información actualizada sobre a influencia e repercusións do Brexit en Galicia



A FGE deu a coñecer
as medidas de
preparación ante os
distintos escenarios
expostos polo Brexit

@BREXITGALICIA EN CIFRAS

	49
	479
	65
	75.372

Noticias

Visitas ao perfil de Twitter

Novos seguidores en Twitter

Impresións en Twitter






IV. REVISTA ECO

A FGE mantivo en 2019 a súa colaboración coa publicación mensual ECO-Revista do Eixo Atlántico, co obxectivo de explicar a actualidade comunitaria en Galicia. Estes foron os títulos dos artigos publicados:

- **Xaneiro 2019** – “Regulando os dereitos de autor no espazo único dixital”
- **Febreiro 2019** – “A UE e a responsabilidade de protexer”
- **Marzo 2019** – “A ultradereita á conquista do Parlamento Europeo”
- **Abril 2019** – “A batalla europea contra a desinformación”
- **Maio 2019** – “Subsidiariedade e proporcionalidade na era Juncker: mito ou realidade?”
- **Xuño 2019** – “Galicia ante a transición cara a unha economía circular”
- **Xullo 2019** – “O papel das Comunidades Autónomas no Semestre Europeo”
- **Agosto 2019** – “Unha Europa máis social, democrática e verde para os próximos cinco anos”
- **Setembro 2019** – “Polos de Innovación Dixital: clave para o impulso da I+D+i galega”
- **Outubro 2019** – “Galicia prepárase ante a saída do Reino Unido da UE”
- **Novembro 2019** – “As rexións europeas ante o desafío da mobilidade autónoma”
- **Decembro 2019** – “Obxectivo: neutralidade climática para 2050”







4. FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A REALIDADE EUROPEA

- I. Progama de bolsas FGE
- II. Galicia vota na UE
- III. Foro galego do Brexit
- IV. Celebración do día de Europa
- V. Visitas de grupo a Bruxelas
- VI. Lanzamento de #EUROXuventude
- VII. Orientación laboral a mozos no ámbito comunitario



4. FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A REALIDADE EUROPEA

I. PROGAMA DE BOLSAS FGE

Dende a creación desta entidade, medio milleiro de mozos beneficiáronse dunha bolsa de formación en asuntos europeos da FGE, o que permite contar cunha rede de profesionais en asuntos europeos en empresas, organismos e institucións europeas e galegos.

A principios de abril, **seis novos bolseiros** incorporáronse ás oficinas da FGE de Bruxelas e Santiago para facer prácticas durante 11 meses. Un total de 121 aspirantes formaron parte do proceso de selección, concedéndose as prazas en réxime de concorrencia competitiva. As bolsas para titulados universitario, cinco en total, teñen por obxecto que os beneficiarios se formen no seguimento e a comunicación das políticas comunitarias que máis afectan a Galicia.

A bolsa para titulados de formación profesional proporciona a posibilidade de realizar prácticas no campo do secretariado de dirección e de familiarizarse, así mesmo, co funcionamento da Unión Europea e das súas institucións.

A FGE conta, ademais, con outra **bolsa destinada á formación de titulados universitarios no ámbito da I+D+i**, grazas a un convenio coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) Por cuarto ano consecutivo, a persoa - seleccionada de entre 18 aspirantes- incorporouse á oficina de Bruxelas a principios do mes de maio por un período de 12 meses.

Medio milleiro
de persoas
beneficiáronse dunha
bolsa de formación da
FGE nos seus máis de
30 anos de historia



O director da FGE, Jesús Gamallo, e a directora da oficina de Bruxelas, Ana Ramos, danlle a benvida aos bolseiros de Bruxelas



Por outro lado, a raíz dun convenio de colaboración firmado entre Vicepresidencia da Xunta e a Axencia de Turismo de Galicia en 2018, a oficina da FGE en Bruxelas acolleu a unha bolsa desta última para facer un seguimento das accións en materia de turismo a nivel europeo. Esta bolsa contribuíu, a apoiar o traballo da secretaría da Rede Europea de Rexións por un Turismo Sostible e Competitivo (NECSTouR), da que Galicia é membro, e a promoción de Galicia que realiza a Oficina Española de Turismo en Bélxica e Luxemburgo. En outubro, axudou a esta última na celebración do Día de España en Luxemburgo.

I II. GALICIA VOTA NA UE

Durante os meses de febreiro a abril de 2019, a fundación Galicia Europa puxo en marcha nos seus perfís de redes sociais un concurso baixo a etiqueta **#GaliciaVotaNaUE** co obxectivo de impulsar a participación da mocidade galega nas últimas eleccións europeas de 26 de maio.

A iniciativa, encadrada na campaña de comunicación do Parlamento Europeo “Esta vez voto”, logrou destacar a influencia da UE no desenvolvemento de Galicia. Máis de 50 participantes aportaron diferentes razóns para acudir ás urnas a través de vídeos, memes e creativas publicacións compartidas en Facebook e Twitter. Os vencedores foron seleccionados en tres categorías:

- Como **“mensaxe máis compartido”**, Alba Freire Patiño gañou unha interesante reflexión na súa conta de Facebook sobre a importancia do voto nas eleccións europeas.
- Como **“participante máis activo”**, Alberto Escobar Rivas impúxose cunha trintena de publicacións en Twitter onde facía unha interesante retrospectiva das eleccións europeas anteriores mediante unha recompilación de antigos carteis electorais.
- Como **“contido máis elaborado e orixinal”**, Ana Isabel Ferradáns Blanco impúxose tras compartir 30 publicacións en Twitter, a modo de breves

píldoras informativas, sobre a importancia das políticas públicas da UE en Galicia en xeral, e no concello de A Estrada en particular.

Finalmente, a participación nas eleccións europeas **aumentou 8 puntos de media en toda a UE** ata acadar o 50,5%, a maior porcentaxe dende o ano 1994 e a primeira vez que se reverte a tendencia negativa das eleccións anteriores. Este logro debeuse, sobre todo, a un aumento importante da **participación xuvenil, que pasou dun 28% a un 42%**. España foi un dos Estados membros nos que aumentou o voto en xeral (+17 puntos) ata conseguir un 64% de participación.

A FGE organizou por primeira vez un concurso en redes sociais para promover a participación da mocidade nas eleccións europeas





Francisco Conde inaugurou a xornada "Galicia ante o Brexit: perspectivas, retos e oportunidades para as empresas galegas"

III. FORO GALEGO DO BREXIT

En 2019, celebráronse tres novos actos no marco do Foro Galego do Brexit, creado o ano anterior co obxectivo de fomentar o debate e o intercambio de información entre os principais actores económicos e sociais de Galicia en torno ás consecuencias da saída do Reino Unido da UE.

En febreiro, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, e a secretaria de Estado para o Comercio, Xiana Méndez, inauguraron en Santiago a xornada **"Galicia ante o Brexit: perspectivas, retos e oportunidades para as empresas galegas"**. Neste evento presentouse a plataforma dixital dirixida a aquelas empresas interesadas en solicitar un diagnóstico sobre a súa situación ante o Brexit e en recibir orientación sobre as medidas que deben adoptar para facer fronte a este proceso.

Tamén en febreiro tivo lugar a visita a Galicia do director de Comercio Exterior e Investimento estranxeiro do Goberno de Gales, Andrew Gwatkin, na que se reuniu con deputados do Parlamento de Galicia, o IGAPE, o Clúster da Agroalimentación, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, AGADIC e o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo. Esta visita é consecuencia do acordo firmado en 2018 entre Galicia e Gales para reforzar a súa colaboración en materia económica, educativa cultural, sociosanitaria e pesqueira ante a incerteza que representa o Brexit.

En setembro, constituíuse dentro da Xunta un **grupo de traballo interdepartamental** para a

análise e o seguimento do proceso de retirada do Reino Unido da Unión Europea, que ten unha secretaría que recae na Dirección Xeral de Relacións Exteriores. A FGE presta apoio a este grupo de constitución.

En outubro, celebrouse un novo seminario na sede da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP) de Vigo baixo o título "Brexit e EEUU: novo escenario das relacións comerciais internacionais", no que participaron o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, e representantes do sector transformador da pesca. Conde destacou que o Reino Unido ten que seguir sendo un dos principais aliados comerciais de Galicia a través das 500 empresas exportadoras dos sectores téxtil, automotriz, conserveiro e pesqueiro.

O Foro Galego do Brexit celebrou seis actos dende a súa creación co obxectivo de axudar á sociedade galega a estar mellor preparada ante a saída do Reino Unido da UE



IV. CELEBRACIÓN DO DÍA DE EUROPA

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e o equipo da Fundación Galicia Europa (FGE) en Santiago de Compostela celebraron o Día de Europa presentado sendas charlas divulgativas nos centros de educación composteláns IES de Sar e o Colexio M. Peleteiro. As conferencias, nas que participaron máis de 150 alumnos e profesores, sobre o tema 'Que podes facer ti pola UE?' tiveron como obxectivo principal fomentar a participación da mocidade en temas europeos. A exposición tratou sobre o funcionamento e a historia das principais institucións da UE e sobre os programas europeos dirixidos á mocidade, como o *European Youth Event*, o programa Erasmus+, o Interrail ou o Corpo Europeo de Solidariedade.

V. VISITAS DE GRUPO A BRUXELAS

A Fundación Galicia Europa acolle ao ano varias visitas de grupos na súa oficina de Bruxelas aos que explica o traballo realizado pola propia entidade, así como o funcionamento das institucións comunitarias.

Con este obxectivo, en 2019, a FGE recibiu en febreiro a visita **dun grupo de estudantes do Instituto Valle-Inclán de Pontevedra**, no marco da súa viaxe como Escola Embaixadora Júnior do Parlamento Europeo (EEPE). En maio, a directora da FGE en Bruxelas, Ana Ramos, explicou.

En maio, a directora da FGE en Bruxelas, Ana Ramos, explicou o labor das oficinas rexionais nunha **mesa redonda organizada pola REPER** para informar a unha delegación do Corpo Superior de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración do Estado.

No mes de xullo, a FGE acolleu unha charla informativa para un grupo de 50 **alumnos de dobre Grado de Relacións Internacionais e Comunicación Global da Universidade Pontificia Comillas de Madrid**. A charla contou coa intervención de varios directores de oficinas de representación autonómica en Bruxelas para explicar o seu papel.



O director de Comercio Exterior e Inversión Estranxeira do Goberno de Gales na súa visita a Galicia



Visita á oficina da FGE en Bruxelas dun grupo de estudantes do IES Valle Inclán de Pontevedra



VI. LANZAMIENTO DE #EUROXUVENTUDE

O convenio que a FGE mantén dende hai anos coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia renovouse en 2019 para actualizar o seu contido, de modo que a Oficina de Información Europea á Mocidade é substituída pola plataforma virtual **#EUROXuventude**, na que se pode encontrar información actualizada sobre as oportunidades que ofrece a UE para a mocidade.

Esta nova sección do sitio web da FGE dá acceso ás dúas ferramentas que a FGE empregaba ata o de agora para chegar á mocidade galega:

- A **"Guía de Prácticas e Saídas Laborais na Unión Europea e Organizacións Internacionais"**
- Os **proxectos europeos** de fomento do emprendemento e de capacitación dos mozos, como LIDERA ou Eurocidade 2020.

Además, se creó un nuevo apartado de noticias en el que se da difusión a concursos, oportunidades de movilidad o posibilidades de participación en la elaboración de políticas europeas.

O obxectivo de **#EUROXuventude** é dotar aos mozos galegos dunha ferramenta en liña que lles permita aproveitar con máis facilidade as oportunidades que ofrece a Unión Europea, promovendo así unha cidadanía activa e participativa no proceso de construción europea.

**#EUROXuventude
pretende axudar
aos mozos galegos a
aproveitar ao máximo
as oportunidades
que ofrece a Unión
Europea**





| VII. ORIENTACIÓN LABORAL A MOZOS NO ÁMBITO COMUNITARIO

A participación en varios eventos en Galicia para informar sobre as oportunidades laborais e de formación que ofrecen as institucións europeas, onde tamén deu a coñecer as propias bolsas de forma-

ción da FGE e a súa "Guía de Prácticas e Saídas Profesionais na Unión Europea e en Organismos Internacionais".



IV Xornadas sobre saídas laborais na Facultade de Dereito. USC

MAIO

- IV Xornadas sobre saídas laborais na Facultade de Dereito. USC
- Dúas charlas nos centros educativos composteláns Manuel Peleteiro e IES do SAR con motivo do Día de Europa, baixo o título "Que podes facer ti pola UE?"
- Charla sobre mobilidade laboral e procura de emprego en Europa no Foro Tambre Traballa IV, organizado pola Asociación Aérea empresarial do Polígono do Tambre en Santiago de Compostela.

XUÑO

- Charla sobre "Prácticas e saídas laborais na Unión Europea e Organizacións Internacionais", na II Feira de Emprego UNED A Coruña.

NOVEMBRO

- Charla introdutoria sobre o labor da Fundación Galicia Europa e a relevancia dos asuntos europeos en Galicia na Facultade de Ciencias Políticas da USC.
- III Edición da Feira de Emprego Xurídico na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo (campus Ourense).
- *EURO-FEM First International Focus Group*, organizada pola Cámara de comercio de Santiago de Compostela.

